

CURSO 2011-2012

BACHARELATO NOVA REGULAMENTACIÓN

1º BACH

REPETICIÓN DE CURSO

- Dúas materias suspensas: pasa de curso
- Tres ou catro materias suspensas: repite curso con todas as materias pero mantén a cualificación do curso anterior se a do curso seguinte é máis baixa. Se desaparece no centro a oferta duna materia o alumnado pode manter a cualificación que obtivo e non cursar unha nova materia (Arts. 1.1 e 1.3 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).
- Cinco ou máis suspensos: repite curso con todas as materias. Non se conservan cualificacións do ano anterior aínda que a nova sexa máis baixa. Se desaparece no centro a oferta duna materia o alumnado pode manter a cualificación que obtivo e non cursar unha nova materia (Arts. 1.1, 1.2 e 1.3 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).

CAMBIO DE MODALIDADE

- Pode facerse libremente se repite curso. (Art. 2 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).
- Solicitud en setembro e outubro (Art. 6 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).

2º BACH

REPETICIÓN DE CURSO

- Unha ou máis materias suspensas: pode escoller entre matricularse soamente das materias suspensas ou matricularse de todo o curso para mellorar as cualificacións. Nas aprobadas no curso anterior mantense a nota primitiva se a do curso seguinte é inferior. Hai que solicitar esta opción á Dirección do centro. (Art. 1.4 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).
- A escolarización deste alumnado engadido non pode supor aumento de grupos. Art. 1.4 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).

MATERIAS CONTIDO PROGRESIVO

- Se pode cursar unha materia de contido progresivo sen tela feito no 1º curso Bach se cursan as dúas simultaneamente no 2º curso Bach. A materia de 1º Bach non computa como criterio que modifique o acceso a 2º Bach. Se non se pode asistir á clase de 1º por coincidencia no horario o Departamento responsable establece o plan de traballo e convoca probas parciais. Hai que aprobar a de 1º para ser avaliado na de 2º. (Art. 3 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).

MATERIAS QUE PRECISAN COÑECEMENTOS PREVIOS E SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

- Se pode cursar unha materia que requira coñecementos previos cursando simultaneamente a de 1º bach ou por un procedemento establecido polo Departamento que consistirá nunha proba específica ou no desenvolvemento e superación de traballos (segundo regular o Art. 3.7 da orde do 24 de xuño de 2008). Se opta por este procedemento a acreditación ten como único efecto habilitar para cursar a materia de 2º bach e non conta para nota media nin para superar as seis materias de modalidade necesarias para o título. A materia de 1º Bach non computa como criterio que modifique o acceso a 2º Bach. Se decide cursalas simultaneamente e non se pode asistir á clase de 1º por coincidencia no horario o Departamento responsable establece o plan de traballo e convoca probas parciais. Hai que aprobar a de 1º para ser avaliado na de 2º.(Arts. 4 e 8 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).

OPTATIVAS

- Se suspende a de 1º o alumnado escolle recuperala ou substituíla por outra. O remate debe superar as materias comúns, dúas optativas e seis de modalidade (3 de 1º e 3 de 2º) sendo cinco delas (2 de 1º e 3 de 2º) da modalidade na que se remata o Bacharelato. (Art. 5 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).

CAMBIO DE MODALIDADE

- Solicitud antes do inicio das clases (Art. 6 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).
- Todas as materias computan na nota media de Bach. (Art. 6 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).

CAMBIO DE IDIOMA DA MATERIA LINGUA ESTRANXEIRA COMO MATERIA COMÚN

- Solicitud antes do inicio das clases. (Art. 7 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).
- Pode facelo con autorización da Dirección e cursando lingua estranxeira II. (Art. 7 Orde 5 maio 2011 Dog 1 xuño 2011).

